





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.:21851**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Isabel Sánchez Montenegro , sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia respecto das denuncias formuladas pola asociación ecoloxista Adegas relativas ao posible incumprimento pola planta de Reganosa dos termos da autorización outorgada por Augas de Galicia para a vertedura de augas residuais industriais na Ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG núm.: 180, do 26 de febreiro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“En data 25 de setembro de 2008 incoouse expediente sancionador contra REGANOSA por incumprimentos da autorización de vertido: falta de presentación dos valores do caudal e falta de presentación dos valores do cloro residual libre, non considerándose un incumprimento a presentación dos valores promedio mensuais de temperatura porque a autorización non especifica a forma de presentación.

En data 14 de xaneiro de 2009, Augas de Galicia resolveu o expediente sancionador incoado a REGANOSA impoñéndolle unha sanción de 9.000 € pola comisión dunha infracción consistente neses incumprimentos da autorización de vertido; resolución que foi confirmada en data 29 de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

decembro de 2009 polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, desestimando o recurso de alzada interposto pola empresa.

Cómpre sinalar que, en todo caso, os valores promedio obtidos do control de cloro total (parámetro que inclúe o cloro libre residual) atópanse en todos os casos por debaixo do límite imposto ao cloro libre residual, polo que desde o punto de vista da concentración de cloro libre residual no efluente, queda garantido que o seu promedio tampouco supera o límite imposto (polo tanto o incumprimento non é en relación coa carga contaminante vertida senón co parámetro de control empregado).

Por outra parte, na resolución de autorización de vertido emitida non se especifica a forma de presentación dos resultados do control en continuo da temperatura á entrada e á saída dos sistema de refrixeración. A empresa vén presentando nos informes mensuais os valores promedio da temperatura á entrada e á saída (os ditos promedios cumpren coa limitación imposta).

No tocante ao expediente sancionador, desde o mes de setembro de 2008, REGANOSA está a remitir mensualmente o valor medio diario de caudal para cada un dos distintos efluentes autorizados.

Verbo do posterior requirimento, desde o mes de outubro de 2009, a empresa está a remitir mensualmente os valores promedio diarios dos controis en continuo de cloro e temperatura. Igualmente, desde novembro de 2009, o control de cloro no efluente realízase por medio do parámetro cloro libre residual, ao terse instalado na arqueta de vertido un analizador en continuo dese parámetro.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia